



A VOZ DO TÉCNICO



Obxectivo: un cultivo de millo rendible, controlado e sostible

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima e rendible? Como debemos adaptarnos ás novas normativas sobre redución do uso de fertilizantes e fitosanitarios? Como nos poderán afectar este ano as novas condicións edafoclimáticas, a seca ou a aparición de novas pragas? Neste especial, xa habitual do noso número de marzo, falamos con diversos técnicos de casas comerciais e distribuidoras de sementes de millo, fertilizantes e fitosanitarios para abordar as respostas a estas e outras preguntas relacionadas con este cultivo.



JOSÉ MARÍA VIVERO
Bayer

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

Temos que buscar unha correcta fertilización, unha boa sementeira e unhas datas de sementeira e de colleita óptimas. Debemos coller forraxes dunha boa calidade para reducir ao máximo as materias primas dos concentrados que tan flutuantes están no mercado.

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo ou outro?

Efectivamente son factores importantes. É esencial elixir ben os ciclos, xa que, en zonas nas que non podemos utilizar ciclos moi longos, temos que ter sempre en conta o factor limitante das precipitacións. Debemos coñecer ben as nosas parcelas.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

A produción mínima debería andar polos 30.000 kg/ha. Nos últimos anos, o prezo mínimo da tonelada de millo foi duns 70 euros, polo tanto, se a produción mínima é inferior, sería moito mellor compralo.

Que novidades destacarías para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

Vimos facendo ao ano un medio centenar de campos, onde expomos os nosos ciclos, as nosas variedades, a condicións reais de estrés hídrico. Á parte disto, valoramos a súa produción, a súa calidade e a súa estabilidade. Outro factor importante que tamén analizamos nos nosos híbridos e nos nosos ciclos de millo é a sanidade.



FERNANDO NÚÑEZ
Caussade Semillas

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

Para cultivar o millo de maneira óptima debemos ter en conta varios aspectos: a selección de fincas, o protocolo de fertilización, o plan de actuación fitosanitaria e as datas estimadas de sementeira e colleita.

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo ou outro?

Si. Nalgunhas zonas adiantan as datas de sementeira para que o millo chegue nun momento diferente do seu desenvolvemento ás épocas con maior estrés hídrico e térmico. Por outra banda, en lugares onde o terreo ten unha humidade excesiva, debe esperarse a que se poida traballar en perfectas condicións.

En canto á colleita, inflúe moito o cultivo seguinte na rotación, a súa data de sementeira e o tipo de solo.

Como pode afectar a nova normativa sobre redución do uso de fitosanitarios e fertilizantes?

Debemos acostumarnos a crear plans de fertilización e tamén de actuación fitosanitaria.

O cultivo do millo ten unhas necesidades nutricionais que varían dependendo do rendemento, polo que debemos facer unha fertilización acorde a estas.

En canto ao uso de fitosanitarios, a miña recomendación é variar as materias activas para non crear resistencias. Este ano hai que estar moi pendentes das pragas de insectos e,

por iso, deben facerse controis de prevención máis exhaustivos.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Situaríaao ao redor das 25-27 t/ha.

Que novidades destacaría para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

Todas as empresas de sementes se esforzan ano tras ano en desenvolver novas variedades. Vese en que cada vez son máis produtivas e ofrecen unha maior calidade de ensilado. Esa calidade reflicte tamén a tolerancia das variedades á seca, aínda que o millo é un ser vivo e soporta o que soporta.



MIGUEL ÁNGEL POSE
Corteva

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

Facer unha boa selección do ciclo e do híbrido, escoller ben o momento da sementeira e realizar unha fertilización adecuada. Hai que saber con antelación cales son as necesidades das nosas fincas e conseguir un bo control tanto de malas herbas como das posibles pragas que poñen en risco o cultivo nos seus primeiros estadios.

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo ou outro?

Si, de forma decisiva. Cada vez é máis habitual que as sementeiras se adianten para buscar certa humida-

de no terreo. A intención é adiantar a floración e poder recoller a finais de agosto ou a comezos de setembro.

Como pode afectar a nova normativa sobre redución do uso de fitosanitarios e fertilizantes?

Condiciona moito. En fitosanitarios, a escaseza de opcións en preemergencia obríganos a ir en postemergencia con mesturas de produtos.

En canto á fertilización, a nova normativa tamén lle afecta ás aplicacións de xurros. Nos próximos anos estaremos aínda máis condicionados.

Desde logo, a xenética das sementes ofrece cada vez potenciais produtivos máis altos, pero os condicionantes normativos dificultan que estes se alcancen.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Deberíamos aproximarnos ás 35 t/ha.

Que novidades destacaría para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

En Corteva temos un catálogo abondo amplo, coa mellor tecnoloxía e xenética como para poder ofrecerlle a cada cliente unha ou varias solucións personalizadas, que axuden a maximizar a súa produción e a reducir o impacto asociado ao estrés hídrico.



EVA ALBA
Lidea

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

Para optimizar o cultivo do millo é necesario alcanzar o máximo ▶▶

potencial existente en cada semente. Para iso, é primordial buscar a mellor calidade de nacemento, que se traduce nunha boa homoxeneidade de planta e rapidez na emerxencia.

A implantación ideal conséguese cunha boa preparación do solo, unha correcta fertilización e un manexo adecuado de pragas e enfermidades.

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo ou outro?

Co aumento xeneralizado das temperaturas e o alongamento da época cálida, o sentido común dinos que é posible cultivar ciclos máis longos, sempre e cando a dispoñibilidade de auga o permita, xa que, en situacións de estrés hídrico, o máis axeitado é decantarse por variedades rústicas que aguanten mellor estas circunstancias adversas.

Como pode afectar a nova normativa sobre redución do uso de fitosanitarios e fertilizantes?

A redución das cantidades aplicables de fitosanitarios e fertilizantes vai obrigar ao agricultor a especializarse aínda máis. Deberá aprender a facer un uso máis eficiente dos recursos químicos que terá á súa disposición.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

A produción mínima á que se debe chegar nunha explotación é aquela que o xestor considere, buscando o equilibrio entre os investimentos realizados e o retorno que xera o cultivo.

Que novidades destacaría para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

O contexto é moi cambiante a nivel climático. Por iso, dende Lidea consideramos que é prioritario poñer no mercado variedades que se adapten a estas situacións de estrés hídrico sen comprometer a produción.



TOMÁS PÉREZ
Koipesol

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

Son varias: unha boa preparación do terreo, unha fertilización correcta, un bo control de herbas e unha variedade adaptada á zona que sexa capaz de conseguir o mellor silo posible para a alimentación do noso gando.

Fertimón
Tech



ALTA TECNOLOGÍA APLICADA AL CAMPO

ACONDICIONADORES
CORRECTORES
NUTRICIONALES
BIOESTIMULANTES



GRUPO

SOAGA

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo ou outro?

O cambio climático é unha realidade e hai que convivir con el. Por iso, as sementeiras cada vez adiantanse máis e temos máis risco de ter períodos prolongados de ausencia de choiva. Por este motivo, a nosa empresa desenvolve variedades capaces de soportar as escasas precipitacións e de alcanzar unhas producións óptimas aturando os intervalos de falta de choivas mellor que outras variedades.

Como pode afectar a nova normativa sobre redución do uso de fitosanitarios e fertilizantes?

No cultivo do millo, esperamos que a UE dea marcha atrás nalgún dos seus anuncios. No caso de Galicia, o control de herbas é de suma importancia, se queremos lograr unha boa produción con calidade. Tamén é desexable que as empresas ofrezan solucións herbicidas para un futuro próximo.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Neste sentido cada explotación é un mundo, os *inputs* subiron moito de prezo e haberá fincas onde non se alcance a produción mínima para garantir a rendibilidade. Quizais haxa que pensar noutros cultivos menos esixentes en auga e en fertilización que nos axuden a complementar a nosa ración dunha maneira rendible, como é o caso do xirasol.

Que novidades destacarías para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

No noso catálogo hai dúas palabras importantes. Unha é *powercell*, tecnoloxía que permite atrasar o momento de corte, mantendo a dixestibilidade e aumentando o amidón, e outra é *artesian*, coa que se logra manter o nivel produtivo cando temos algún período prolongado de ausencia de choivas durante o cultivo.



ÁNGEL BLANCO
KWS

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

Principalmente, hai que ter en conta a temperatura da zona para acertar co ciclo, a cantidade de auga que se emprega e a fertilización da parcela. Ademais, é importante realizar un bo manexo do cultivo, unha correcta preparación do leito de sementeira e unha aplicación precisa dos distintos fitosanitarios no momento óptimo. ►►



Permite un suministro racional del nitrógeno contenido en los fertilizantes



GRUPO

SOAGA



BENEFICIOSO PARA AGRICULTORES Y GANADEROS

CON TECNOLOGÍA SLOW

VANGUARDIA DE INVESTIGACIÓN

ADAPTADO A LAS NUEVAS REGLAMENTACIONES



www.soaga.com

Tanto os herbicidas como os insecticidas e os fungicidas ven minguado o seu poder de acción se non se aplican correctamente.

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo ou outro?

Nos últimos anos, o cambio nas condicións edafoclimáticas estanos obrigando a axustar os ciclos en varias zonas, alongándose en moitos casos. Ás veces, adiantan as sementeiras e, outras, atrasan as colleitas. Isto sucede no norte, pero hai outras zonas do país, con menor dispoñibilidade de auga para rega, onde tamén se teñen que axustar os ciclos.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Coa subida de insumos, debe ser de 25 t/ha, como mínimo.

Que novidades destacaríase para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

En KWS a resistencia ao estrés hídrico é unha das nosas maiores preocupacións á hora de seleccionar híbridos. As nosas variedades son das que mellor comportamento teñen neste sentido nos distintos ciclos.



PABLO AMADO
Limagrain Ibérica

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

En primeiro lugar, deben coñecerse as características edafoclimáticas da zona e tamén o potencial produtivo das parcelas.

Despois, hai que saber cal é o destino dese millo, para planificar o cultivo en función do uso que lle vaia dar. Non é o mesmo millo para gran que para silo.

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo ou outro?

Si. Na actualidade, debido ás novas condicións edafoclimáticas, aos niveis de fertilización e encalado dos solos, e ás novas tecnoloxías que incorporamos nas sementes, como os produtos bioestimulantes, as sementeiras temperás nos solos galegos desenvólvense moi ben.

Como pode afectar a nova normativa sobre redución do uso de fitosanitarios e fertilizantes?

Estas reducións mellorarán a eficiencia na produción de millo, con aplicacións de fitosanitarios no momento óptimo e con fertilizacións máis adaptadas ao potencial de cada finca.

En cambio, estas novas limitacións posiblemente comprometan a viabilidade do cultivo de millo en certas parcelas, por exemplo, en fincas con altas poboacións de malas herbas difíciles de controlar.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

De forma xeral podemos dicir que uns 30 ou 35.000 kg por ha, dependendo dos custos de produción.

Que novidades destacaríase para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

No proceso de mellora xenética e avaliación das novas variedades de millo para ensilado que realizamos na cornixa, buscamos aquelas adaptadas ás condicións edafoclimáticas da zona e ás necesidades nutritivas das vacas leiteiras de alta produción que se alimentarán desta forraxe. Estes animais precisan un alimento con altas calidades nutricionais e altas dixestibilidades.

Dentro do catálogo comercial, destacaríase as variedades máis adaptadas a tolerar o estrés hídrico durante o ciclo do cultivo.



LAURA VÁZQUEZ
Delagro

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

Para obter o maior rendemento coa mellor calidade debemos prestarlle especial atención á análise do solo, para así coñecer de onde partimos e calcular a cantidade necesaria que debemos achegar de fertilizante; a selección da variedade adecuada a cada zona e o seu posterior manexo, e a conservación do silo.

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo ou outro?

Si. Afectan notablemente á hora de definir os momentos de sementeira e colleita. Tamén á elección do ciclo do cultivo, xa que se están vendo cambios significativos ao longo dos últimos anos, como son o aumento de temperatura e a redución de choivas, primordiais para o bo desenvolvemento do millo.

Como pode afectar a nova normativa sobre redución do uso de fitosanitarios e fertilizantes?

As novas normativas non afectarán ao cultivo do millo sempre e cando se realice unha boa xestión de fitosanitarios e de fertilizantes. Incluso se poderá aumentar o rendemento incorporando novos produtos como os bioestimulantes.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

A rendibilidade depende de moitos factores, pero o máis importante non é saber se o cultivo é rendible ou ►►



NO DAÑA LA HOJA

» MODO DE EMPLEO

En cobertera, con abonadora o localizado

APORTE DE AZUFRE
TOTALMENTE SOLUBLE
Y ASIMILABLE

REDUCE PÉRDIDAS
DE NITRÓGENO POR
VOLATILIZACIÓN

APORTE DE
NITRÓGENO AMÍDICO
Y AMONIACAL

non (que tamén) senón analizar se a explotación pode ser rendible sen a produción de millo.

Que novidades destacaríaa para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

Antes de lanzar calquera novidade ao mercado, Delagro e as cooperativas asociadas xunto cos seus colaboradores poñen á proba as variedades nas condicións máis desfavorables. Posteriormente, realiza un estudo exhaustivo sobre os resultados obtidos dos diferentes campos de ensaio. Búscanse as variedades que mellor se adapten ás diferentes zonas e aos problemas que se poidan presentar.

Como saber que carencias ten o solo para fertilizar en consecuencia?

É primordial extraer unha mostra do solo para a súa análise en laboratorio. Sen iso non podemos saber cales son as carencias que ten o cultivo.

Cales son as súas recomendacións básicas de fertilización?

Sen análise non se pode facer unha boa recomendación. Se esta non é posible, o ideal é optar por un fertilizante cun equilibrio que se adecúe ás necesidades de cada cultivo. Trátase de realizar un encalado periódico, xa que os solos da cornixa son moi ácidos.

O problema da seca agrávase cada ano. Ten algunha consecuencia nos plans de fertilización?

A consecuencia máis grave é que pode prexudicar o cultivo, facéndoo menos produtivo e de menor calidade.

En que afectarán as novas restricións para a redución do uso de fertilizantes ás ganderías?

As novas lexislacións implican a realización dun plan de nutrición vexetal optimizado. Debe adecuarse ás necesidades de cada cultivo e, sobre todo, ao que xa temos presente no solo.

E as referentes ao uso de fitosanitarios?

As novas restricións implican a redución do número de materias activas de alto perfil de risco e alta toxicidade. Este cambio daralles entrada a novos produtos de baixo perfil toxicolóxico que axudarán a solucionar os problemas do gandeiro.

Que alternativas valoran desde a empresa para afrontar estas reducións?

Unha delas é a busca de produtos de baixo perfil toxicolóxico que teñan un menor impacto no medio ambiente. Tamén se porá especial interese no papel do asesor, que será fundamental á hora de tomar decisións.

Ademais, debémonos enfrontar aos cambios edafoclimáticos. Como afectan á correcta utilización dos fitosanitarios para que sexan efectivos?

Os cambios edafoclimáticos máis notables son as temperaturas máis altas e a menor abundancia de choivas. Na actualidade, obsérvase que se incrementou o uso de bioestimulantes para minimizar o estrés ao que está sometida a planta. O obxectivo é que esta supere estes eventos minimizando as minguas de produción. Naquelas zonas onde a auga sexa o factor limitante, teranse que implementar cambios na xestión da explotación. Incluso haberá que valorar a instalación de sistemas de rega máis efectivos.

Estas novas condicións provocan en moitos casos a aparición de novas pragas. Que consellos daría para previlas e para controlalas?

Para previr e controlar as pragas é primordial apoiarse no coñecemento do asesor.



JUAN PABLO GNATA
MAS Seeds

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

En primeiro lugar, está a elección da variedade, que se aproxima ao 15 % do éxito do cultivo. Outro 15 % de-

pendará do laboreo. En terceiro lugar, hai que destacar a importancia que teñen a data de sementeira, un laboreo ben feito ou a data de colleita elixida, diso dependerá o 25 % do rendemento final. As operacións de colleita e o bo axuste da maquinaria representan outro 20 %. Por último, a construción do silo achegará o 25 % da produción.

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo u outro?

O cambio climático ten un efecto real no campo e debemos adaptar os labores a esta circunstancia. Contamos con ferramentas para aforrar tempo e tomar as decisións axeitadas. En canto á elección do ciclo, esta dependerá das condicións particulares de cada zona e ano, pero é certo que vemos unha certa tendencia a buscar variedades máis precoces de alto potencial produtivo.

Como pode afectar a nova normativa sobre redución do uso de fitosanitarios e fertilizantes?

En primeira instancia, presenta dificultades adaptarse á nova normativa. Parte do noso traballo como asesores no cultivo implica recordar a importancia dun uso eficiente e adecuado dos insumos e explicar os elementos claves na xestión. A resposta a esta situación é un dos retos dos programas de selección dirixidos á busca de variedades máis sas e eficientes no uso dos nutrientes.

Que novidades destacaríaa para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

Dúas das grandes ferramentas desta campaña para a cornixa cantábrica son unha variedade que está a xerar alto nivel de satisfacción entre os profesionais do sector e un novo servizo que nos axuda a estimar a evolución de materia seca do millo silo e tamén a seleccionar a data óptima de colleita. ▶▶

Wing-P®

Cuida el maíz desde
el principio

La formulación de Wing-P combina el amplio espectro de acción de la Dimetenamida-P y la persistencia de la Pendimetalina, resultando una solución que ofrece un excelente control contra gramíneas y dicotiledóneas en el cultivo del maíz.

 **BASF**

We create chemistry



BEATRIZ VÁZQUEZ
RAGT

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

É importante saber que finalidade lle daremos ao cultivo, gran ou silo, e a sementeira debe realizarse coas condicións meteorolóxicas axeitadas para unha boa nacemento e densidade.

É necesario unha boa fertilización de fondo con fertilizantes orgánicos producidos na propia explotación, que se poden complementar, se é necesario, con fertilizantes inorgánicos.

É mellor optar por variedades estables, produtivas en gran, con bo *stay green* e tolerancia ao estrés hídrico e ás enfermidades endémicas da zona. Hai que aplicar herbicidas e insecticidas cando sexa necesario, respectando os momentos máis idóneos para facelo.

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo ou outro?

Por suposto. Na cornixa cantábrica é unha especie de lotería, xa que, se hai sorte e chove o suficiente, o noso cultivo será produtivo e con calidade e, se non o fai, a colleita verase reducida.

Como pode afectar a nova normativa sobre redución do uso de fitosanitarios e fertilizantes?

As novas lexislacións establecen como meta para o 2030 reducir polo menos á metade as perdas de nutrientes, sen deteriorar a fertilidade do solo. Isto minguará o uso de fertilizantes preto dun 20 %. O mesmo ocorre cos produtos fitosanitarios que deben reducirse nun 50 %. O

cultivo de millo, igual que outros, verase afectado en termos de superficie, se o agricultor ou gandeiro considera que estas medidas afectan á rendibilidade final.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Precisamos coñecer os custos de produción e a produción media que obtivemos deste durante os últimos anos. No caso do millo para silo, producido e consumido xeralmente na propia explotación, tamén se debe considerar o que custará o produto que substituirá na ración ese millo.

Que novidades destacaría para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

Os cambios no clima e as consecuencias que teñen nos solos de cultivo son un reto para as empresas que traballamos en xenética vexetal. Son necesarias variedades máis tolerantes ao estrés hídrico, que manteñan a súa produción con menos achega de auga.



ÓSCAR LANZACO
Rocalba

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

É preciso escoller o ciclo que mellor se adapte ás nosas condicións e á data de sementeira. Logo, optar por un híbrido que combine rendemento e calidade. A fertilización faise en función do potencial produtivo, do precedente do cultivo e da fertilidade do solo. Por último, hai que controlar de forma eficiente as malas herbas e ensilar no momento óptimo de produción e calidade.

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo ou outro?

Existe a tendencia a alongar os ciclos en cada zona. Como as temperaturas medias soben, en lugares onde ata non hai moito só cabían ciclos curtos ou medios, agora poden cultivarse con éxito ciclos máis longos. De todas as maneiras, somos partidarios de respectar as integrais térmicas definidas para cada zona, sempre que non sexan revisadas á alza.

Como pode afectar a nova normativa sobre redución do uso de fitosanitarios e fertilizantes?

O sector mostra certa inxenuidade por este tema. Parece claro que o futuro está en producir máis con menos. Isto só se conseguirá con herbicidas eficientes en preemergencia e/ou estadios precoces para evitar o efecto pantalla do propio cultivo.

No referente á fertilización, non queda outra que xestionar o balance entre o que achegamos e o que extraemos. Para iso, requírese analizar periodicamente o solo, establecer unha correcta rotación de cultivos, escoller fertilizantes con tecnoloxía de liberación lenta e fraccionar a súa achega.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Podemos dicir que para ciclos curtos teríamos que chegar a 30-35 toneladas/ha de materia verde e, para ciclos medios, a 40-45 t/ha.

Que novidades destacaría para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

Contamos con dous híbridos novos de xenética de nova xeración que combinan bos rendementos con excelente calidade. Incorporan moi boa resistencia ao frío e teñen bo vigor de partida, o que permite avanzar a data de sementeira co conseguinte mellor aproveitamento da humidade do solo na primavera. Con todo iso, unido a un potente sistema radicular, lógrase a máxima eficiencia na absorción da auga. ▶▶

Maximiza tu cosecha con maíz forrajero de calidad

Con Bioera, ganas rendimiento.



Implantación
más rápida



Mayor aprovechamiento
de agua y nutrientes



Mayor
stay green



ANA CALMARZA
Procasa Semillas

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

Unha das claves para obter bos rendementos é a elección correcta da parcela, engadindo a esta un bo laboreo e unha boa fertilización. No momento da sementeira, as sementes deberán quedar a unha profundidade na que a terra teña humidade suficiente. É importante que estean todas á mesma altura para que xermine ao mesmo tempo. Posteriormente, será preciso facer un bo control das malas herbas e das pragas, xa que poden ser determinantes para unha boa produción.

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo ou outro?

Atravesamos unha etapa na que as temperaturas son máis altas. Isto confírelle ao solo unha temperatura maior en meses máis fríos, o que permite sementar antes con ciclos un pouco máis longos.

Como pode afectar a nova normativa sobre redución do uso de fitosanitarios e fertilizantes?

Cada vez hai máis control dos produtos que se poden utilizar para combater as malas herbas e as pragas no cultivo do millo. O uso de fertilizantes tamén se reduciu nas zonas vulnerables. Cada ano vemos como se limitan e se eliminan produtos que funcionaron ben para o coidado do cultivo. Ao agricultor non lle queda outra que adaptarse a esta realidade e para usar menos os fertilizantes e fitosanitarios debe contar como alternativa coa rotación de cultivos e outras prácticas de laboreo.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Debemos ter en conta as datas de sementeira, xa que, se sementamos un híbrido moi cedo, por exemplo, a comezos de abril, gañaremos en produción de gran, pero perderemos en desenvolvemento vexetal. En cambio, se sementamos moi tarde, gañaremos en masa foliar e perderemos en potencial de gran, en materia enerxética para o animal. O ideal é conseguir un equilibrio entre a fibra da parte vexetativa e a materia enerxética na produción de gran, sen sacar en ningún caso menos de 35.000 kg/ha para atopar esa rendibilidade.

Que novidades destacarías para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

Nesta campaña, a tendencia do mercado é usar variedades de ciclo máis longo e que sexan rústicas para aguantar mellor a carencia de auga e as altas temperaturas. Por este motivo, todos os ensaios están encamiñados a atopar variedades máis tolerantes fronte ao estrés hídrico, coa mellora do *stay green* e o fin de chegar nas mellores condicións á fase de maduración, para intentar conseguir o mesmo potencial produtivo con variedades máis tolerantes aos períodos de rega espazados.



DAVID MILLÁN
Syngenta

Que claves hai que ter en conta para cultivar millo de maneira óptima?

Se apostamos polo millo, deberemos salvagardar o potencial produtivo que poñemos no solo coidando a preparación do terreo, extremando a precisión na sementeira, cubrindo

eficientemente a nutrición e a rega e recollendo no momento no que o millo cumpra as nosas necesidades cuantitativas e cualitativas.

As novas condicións edafoclimáticas afectan á hora de definir os momentos de sementeira e de colleita e de decantarse por un ciclo ou outro?

Por suposto. Se agora temos veráns máis amplos, debemos adaptarnos a estes, elixir variedades máis tolerantes ao estrés e sementar antes con ciclos máis precoces que intenten salvar os períodos estivais máis duros. Outra solución é implantar sistemas de rega que nos garantan a viabilidade dos cultivos.

Como pode afectar a nova normativa sobre redución do uso de fitosanitarios e fertilizantes?

Afecta de maneira crítica, coma ao resto dos cultivos. Contar con menos ferramentas para controlar pragas e enfermidades expón o potencial produtivo e pode chegar un momento no que sexa inviable sementar. Aínda así, estas limitacións teñen o seu lado positivo, pois espertan a imaxinación e a necesidade, polo que xurdirán novas solucións sorprendentes.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

En zonas sen rega, con esterCADURAS e pouca carga en renda, deberíamos ter un cultivo rendible con 14 t/ha de materia seca, pero, se contamos con gastos ligados á rega, á fertilización química, rendas etc., seguramente debamos intentar superar as 22 t/ha.

Que novidades destacarías para esta campaña? Como se afronta o problema da seca?

Un dos nosos piares é a innovación e, por iso, lanzamos ao mercado variedades que superan os catálogos actuais. Ademais, na mellora vexetal o fluxo de variedades é continuo e, por suposto, seguimos loitando contra o cambio climático con variedades máis adaptadas ás temperaturas extremas e á falta de auga ou con tratamentos bioestimulantes innovadores que axuden ao cultivo a afrontar o estrés. ▶▶

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTÍA

PRECIOS
SIN COMPETENCIA
Y FINANCIACIÓN ESPECIAL
EN PRECAMPAÑA


CORBAR
MAQUINARIA

RODILLOS LLORENTE

Altísima fiabilidad y máxima adaptación al terreno



**RODILLO MODELO
RTA DE 3 CUERPOS**
ANCHO DE LABOR 6, 7 Y 8 m

Desde
12.500 €

**RODILLO MODELO
DAKOTA DE 2 CUERPOS**
ANCHO DE LABOR 5 Y 6 m

Desde
10.000 €



RODILLO LINEAL
ANCHO DE LABOR: 3,5m - 4,5m - 5,5 m

Desde
2.800 €



**RODILLO MECANICO
CON RUEDAS**
ANCHO DE LABOR 2,70 m

Desde
3.300 €



**RODILLO MODELO XTRA-LONG
DE 3 CUERPOS**
ANCHO DE LABOR 8, 9 Y 10 m

Desde
17.500 €

AMPLIA GAMA DE DIMENSIONES Y ESPESORES DE TUBO: 660X12mm, 711X15mm, 820X18mm

VEN A VISITARNOS
TODOS LOS MODELOS EN STOCK

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L.

Polígono Industrial
O Morelle, nave 4
27614 Sarria, Lugo

E-mail: corbar@corbarsl.com
Telf. y Fax: 982 53 14 63
www.corbarsl.com





JOSÉ PRIETO
Aresa

Como saber que carencias ten o solo en relación con cada cultivo para fertilizar en consecuencia?

Para o diagnóstico da fertilidade dos solos, os produtores e asesores dispoñemos de ferramentas a través de análises foliares e de solo, ademais da propia experiencia e observación directa dos síntomas visuais de déficit de nutrientes.

Cales son as súas recomendacións básicas de fertilización?

As accións básicas para poñer en marcha un solo son as seguintes: o encalado, que consiste en incorporar ao solo calcio e magnesio para neutralizar a súa acidez; a fertilización racional, que conxuga fertilizantes orgánicos e minerais coa fertilización biolóxica, e a fertilización biolóxica, o último elo no que interveñen seres vivos, para aumentar a dispoñibilidade e o aproveitamento dos nutrientes esenciais por parte das plantas.

O problema da seca agrávase cada ano. Ten algunha consecuencia nos plans de fertilización?

Nun ano de chuvias normais, faríamos unha fertilización de fondo antes da sementeira e unha fertilización de cobertura na época de maior desenvolvemento vexetal.

Se non chove e o cultivo comeza a presentar síntomas de amarelamento por falta de nitróxeno e outros nutrientes, prodúcese dúas situacións que agravan o problema: estrés, debido á imposibilidade de cubrir as necesidades mínimas de auga, e incapacidade de tomar os nutrientes necesarios para o seu desenvolvemento.

Estes problemas soluciónanse coa achega foliar de fertilizantes no momento máis axeitado ás necesi-

dades vexetativas: fósforo e boro, en prefloración; nitróxeno, previo ao maior desenvolvemento vexetal; calcio, en momentos de desenvolvemento do froito, e potasio, para o engorde do froito.

Ademais, podemos incorporar microelementos necesarios para o adecuado desenvolvemento do cultivo e tamén algunhas formulacións con efecto bioestimulante do estrés, que axudan a regular o equilibrio da auga na planta.

En que afectarán as novas restricións para a redución do uso de fertilizantes ás ganderías?

O sector debe adaptarse a unha nova realidade na que a protección do medio ambiente está moi presente. A nutrición sostible ou nutrición racional é un dos eixes que vertebran o que vai ser a agricultura do presente e do futuro. Non poderá haber agricultura se non hai unha fertilización eficiente, racional e sostible.



ALBERTE MOMÁN
Calfensa

Como saber que carencias ten o solo en relación con cada cultivo para fertilizar en consecuencia?

Para rendibilizar ao máximo a aplicación de fertilizantes é fundamental analizar o solo con regularidade. Desta maneira, non só chegaremos a coñecer en que nutrientes somos deficitarios, tamén poderemos ver a evolución dos solos co paso do tempo e en función das distintas prácticas ás que sometamos ao terreo.

Cales son as súas recomendacións básicas de fertilización?

O máis importante é coñecer a situación de partida na que se atopa o noso solo. Hai que saber como inflúen

na súa evolución todos os labores que realizamos e economizalas na medida do posible. Así, pódese ofrecer unha recomendación á medida.

O problema da seca agrávase cada ano. Ten algunha consecuencia nos plans de fertilización?

A seca severa é un problema cada vez máis frecuente e é evidente que implica unha peor expansión dos fertilizantes na superficie.

Poderíamos falar dos sistemas de rega ou dos fertilizantes líquidos como complemento aos sólidos en épocas nas que estes non se dilúen correctamente, pero, a longo prazo, sería máis interesante reconsiderar a implantación dos actuais cultivos, así como o modelo de produción que agora impera.

En que afectarán as novas restricións para a redución do uso de fertilizantes ás ganderías?

Creo que é o momento de reflexionar seriamente sobre a mellora de calidade dos nosos xurros, así como doutros recursos orgánicos dos que dispoñan as explotacións, para rendibilizalos por medio da fertilización. Considero que esa será a senda que a lexislación seguirá nos próximos anos e que a norma actual instaaura.



IGNACIO DELGADO
Fertinagro Biotech

Como saber que carencias ten o solo en relación con cada cultivo para fertilizar en consecuencia?

O primeiro paso para coñecer o solo é realizar unha análise para ver o seu estado. En Fertinagro, ademais, realizamos tamén estudos metaxenómicos en diferentes proxectos para monitorizar o microbioma do solo. ▶▶



Evolya™

Controla las malas hierbas desde el comienzo



 **Evolya™**

syngenta®



© 2024 Syngenta. Todos los derechos reservados. ™ y ® son marcas comerciales del Grupo Syngenta. Use los productos fitosanitarios de manera segura. Lea siempre la etiqueta y la información sobre el producto antes de usarlo.

®

Cales son as súas recomendacións básicas de fertilización?

Algo que nos diferencia en Fertinagro é que non facemos recomendacións xerais de fertilización. En todos os casos traballamos con plans de fertilización feitos á medida das diferentes parcelas dos nosos clientes.

O problema da seca agrávase cada ano. Ten algunha consecuencia nos plans de fertilización?

Si, por suposto. En primeiro lugar, actuamos sobre o solo coa incorporación de fertilizantes orgánicos e leonardita, xa que aumentan a súa capacidade de retención da auga. A normativa vixente obríganos en todos os casos a manter ou a aumentar os niveis de materia orgánica e, nese sentido, a compañía dedica unha planta en exclusiva a traballar niso.

En segundo lugar, traballamos con diferentes liñas de bioestimulantes que melloran a resposta da planta ao estrés abiótico producido pola escaseza de auga e a subida da temperatura.

En que afectarán as novas restricións para a redución do uso de fertilizantes ás ganderías?

En Fertinagro temos sempre en conta a rendibilidade para o agricultor, o respecto ao medio ambiente e a diminución da pegada de carbono.

Estamos protexendo e pondo en valor as unidades fertilizantes que achegan os xurros. Para iso dispoñemos do primeiro inibidor da ureasa certificado a nivel europeo.

Outro novo enfoque, co que poñemos toda a nosa I+D+i ao servizo do agricultor, baséase no uso de bacterias que aportan unidades fertilizantes ao cultivo, fixándoas da atmosfera ou solubilizando nutrientes retidos no solo.

Todo se combina co uso de bioestimulantes e outras tecnoloxías que fan que o fertilizante granulado sexa máis eficiente, evite perdas de nutrientes e achegue valor ao cultivo.



CLARA BARCIA
Fertiberia Tech

Como saber que carencias ten o solo en relación a cada cultivo para fertilizar en consecuencia?

A forma máis eficiente e sostible de achegarlles aos nosos cultivos o que precisan é realizar unha análise do solo. Despois, debemos ter en conta o xurro e o esterco que temos á disposición e ver en que cantidade os aplicaremos ao solo. Así, podemos comezar a elaborar o noso plan de fertilización.

Cales son as súas recomendacións básicas de fertilización?

Hai tres puntos a ter en conta na fertilización do millo.

En primeiro lugar, é preciso ter un pH óptimo para unha mellor implantación do millo. Recomendamos un encalado previo cun produto granulado que facilite a aplicación, con boa relación calcio/magnesio e que achegue nitróxeno.

En segundo lugar, e máis importante, é elixir un fertilizante alto en nitróxeno dobremente protexido, de tal forma que poidamos garantir que o nitróxeno e demais nutrientes permanezan ata o final do ciclo do millo.

Finalmente, acompañaremos os tratamentos fitosanitarios en postmerxencia cun produto foliar compatible que achegue nutrientes e mitigue o estrés da planta.

O problema da seca agrávase cada ano. Ten algunha consecuencia nos plans de fertilización?

Debemos anticiparnos aos problemas da seca e ter en conta no noso plan de fertilización algúns aspectos importantes.

É fundamental introducir produtos biotecnolóxicos, como fixadores de

nitróxeno, solubilizadores de fósforo e materia orgánica, baseados en fermentacións de varios microorganismos, capaces de actuar tanto no que respecta ao solo como á planta. Ademais, hai que incorporar estratexias de fertilización foliar, xa que en períodos de seca é unha boa forma de aportar as unidades necesarias.

En que afectarán as novas restricións para a redución de uso de fertilizantes ás ganderías?

Afectarán á hora de realizar o plan de fertilización. Teremos que utilizar produtos máis tecnolóxicos que garantan que as unidades utilizadas sexan máis eficientes e que fagan máis aproveitables as achegas de materia orgánica.



JOSÉ LUIS CADEVILLA
Haifa

Como saber que carencias ten o solo en relación a cada cultivo para fertilizar en consecuencia?

Para saber que calidade ten o solo temos que analizar o cultivo anterior. Co millo, hai que observar, sobre todo, a parte final do ciclo. A clorose internervial significa falta de magnesio; unha franxa amarela, ampla nas puntas das follas está relacionada coa falta de nitróxeno; a coloración morada nas puntas débese ao fósforo e unha punta seca ata a metade, é consecuencia do potasio.


Unha vez realizada a colleita e antes de aplicar esterco ou xurro, habería que facer unha análise do solo. Interpretase e corríxense as carencias.

Cales son as súas recomendacións básicas de fertilización?

As necesidades en nutrientes cáculanse por tonelada e están ▶▶

HYT[®]-A

HIGH YIELD TECHNOLOGY



Potencia el vigor de tu maíz



Cepas exclusivas:

- Fijación de nitrógeno
- Solubilización de fósforo
- Liberación de potasio

Consorcio microbiano que permite optimizar los aportes de fertilizantes minerales sin pérdidas de rendimiento.

Autorizado en España por reconocimiento mutuo Reglamento (UE) N° 2019/515.
Registrado en Finlandia con N° de inscripción 2012- 016864.



INOCULACIÓN GARANTIZADA

Combinación de cepas aerobia (*Azotobacter vinelandii* cepa AS80) y anaerobia (*Clostridium pasteurianum* cepa AS52) para asegurar su adaptación e inoculación en todo tipo de suelo.



BIODISPONIBILIDAD NPK

Nuestras cepas exclusivas combinan una capacidad elevada de fijación de nitrógeno atmosférico con un alto potencial de solubilización de fósforo y potasio.



REGENERACIÓN DEL SUELO

Nuestro formulado genera un gel estructurador en el suelo que reduce la conductividad y protege la fauna microbiana benéfica para su óptimo desarrollo.



certisbelchim.es



Certis Belchim
GROWING TOGETHER



EMPRESA GALEGA

ZOONORT

Juan Lorenzo Carballeira

Enxeñeiro Técnico Agrícola
Delegado Comercial Agricultura



+34 666 530 517

juanlorenzo@zoonort.com

estipuladas nunhas táboas. O millo necesita de 20 a 28 unidades de nitróxeno, de 10 a 12 unidades de fósforo e de 20 a 25 unidades de potasio por tonelada. Estas unidades multiplícanse pola colleita estimada. Deste xeito, coñécense as necesidades totais de nutrientes e hai que repor esa extracción con fertilizante inorgánico, pero, se dispoñemos dalgún xurro ou algunha materia orgánica, hai que coñecer a riqueza que ten segundo a súa orixe e o que a lexislación nos permite aplicar.

Unha vez calculado, e segundo a produción estimada, hai que descontar ás unidades necesarias as procedentes da materia orgánica. O resto cubrímolos con inorgánicos de fertilizante químico, sempre de calidade.

O problema da seca agrávase cada ano. Ten algunha consecuencia nos plans de fertilización?

Si, na xestión da planta. Desde o principio hai que preparar a planta para o estrés hídrico posterior. Para iso, necesitas que o cultivo se implante ben, que teña un sistema radical potente, ben implantado; explorar o máximo volume de solo posible e preparalo para a austeridade hídrica que lle poida sobrevivir. Para iso, hai que equilibrar o seu desenvolvemento vexetativo, evitando desenvolvementos excesivos por un consumo de luxo de nitróxeno.

Co millo, o obxectivo é obter quilos de amidón e iso conséguese cunhas plantas adecuadas en altura, unhas mazarocas con maior número de grans, un sistema radical adaptado e unha vexetación dimensionada correctamente.

En que afectarán as novas restricións para a redución de uso de fertilizantes ás ganderías?

O gandeiro debe demostrar que ten superficie suficiente para destruír os seus xurros. Debe facer os cálculos do que xera cada animal e da superficie de terra necesaria para aportar ata o tope de 170 unidades de nitróxeno orgánico. Unha vez feita a repartición de todo o seu esterco propio, deberá restituír con fertilización inorgánica as que lle falten ata a estimación de colleita.



IAGO DOMÍNGUEZ
Galical

Como saber que carencias ten o solo en relación a cada cultivo para fertilizar en consecuencia?

As condicións do terreo cambian dependendo da zona na que queiramos cultivar. Iso si, ter unha estabilidade no pH do noso solo é fundamental para que calquera cultivo poida desenvolverse en condicións óptimas.

Cales son as súas recomendacións básicas de fertilización?

Hai tres factores básicos que marcan as condicións de calquera terreo: a materia orgánica, a súa saturación por aluminio e a súa acidez.

Por iso, a recomendación básica é conseguir un pH o máis neutro posible. Isto conséguese, sobre todo se pensamos nos terreos galegos, a base de encalar para corrixir a acidez. Desta forma, avanzaremos moito na fertilización, xa que unha gran cantidade de nutrientes estarán dispoñibles para ser asimilados en futuras colleitas.

O problema da seca agrávase cada ano. Ten algunha consecuencia nos plans de fertilización?

No noso caso non afecta demasiado a seca, xa que o que máis aplicamos son emendas cálcicas. O cal funciona como estabilizador do solo e non importa a época do ano na que se aplique.

En que afectarán as novas restricións para a redución de uso de fertilizantes ás ganderías?

Está claro que as novas normativas de fertilización que veñen de Europa pisan forte. No noso caso, as calcarias son 100 % naturais, polo que non existe ningún tipo de restrición

para a súa aplicación. Hai gandeiros que teñen producións en ecolóxico ou en plans agroambientais e que recorren ao encalado priorizándoo no seu plan de fertilización. O motivo é que poden variar as doses e incluso aplicarlas varias veces por ano.



ALBERTO QUIÑOY
Soaga

Como saber que carencias ten o solo en relación a cada cultivo para fertilizar en consecuencia?

A mellor maneira de coñecer as carencias do solo é realizar unha análise. Despois, faise unha fertilización acorde cos resultados que esta nos achegue.

Cales son as súas recomendacións básicas de fertilización?

As recomendacións deben facerse tendo en conta a información proporcionada pola análise e despois de ver as extraccións propias do cultivo en función da produción esperada.

O problema da seca agrávase cada ano. Ten algunha consecuencia nos plans de fertilización?

Baixo o meu punto de vista deberíamos introducir un matiz e é que a maior parte da superficie que se destina a millo en Galicia é en secaño, é dicir, non se rega. Tamén hai unha pequena zona na que existe a posibilidade de regar. O criterio de fertilización difire dun caso a outro.

No primeiro caso, o maioritario, cando o cultivo sufra de estrés hídrico, poderíamos levar a cabo unha intervención de produtos aplicados foliarmente para minimizar esta circunstancia, pero nunca nos van suplir a auga. ▶▶



SUMITOMO CHEMICAL

Creative Hybrid Chemistry
For a Better Tomorrow

Proliant®

FITORREGULADOR

GRÁNULOS SOLUBLES EN AGUA (SG)

Fitorregulador que maximiza el rendimiento del maíz.




WE
CHANGE
THE
GAME™



Ysu filial
KENOGARD
CULTIVAMOS LA INVESTIGACION · 研究深耕
www.kenogard.es

En que afectarán as novas restricións para a redución de uso de fertilizantes ás ganderías?

As novas normativas que afectan á fertilización dos cultivos céntranse en dous elementos: o nitróxeno e o fósforo. No caso de limitacións dalgún destes produtos, poderíamos suplir a acción destes elementos con produtos innovadores e tecnoloxicamente avanzados para o aproveitamento e optimización do nitróxeno ou con produtos que axuden a solubilizar e desbloquear ese elemento principal. Ambas ferramentas están á disposición dos agricultores e os gandeiros para evitar a perda de produción que poida derivar destas normativas.



RODRIGO ARDURA
Timac Agro

Como saber que carencias ten o solo en relación a cada cultivo para fertilizar en consecuencia?

Hai que coñecer ben o punto de partida para recomendar unha fertilización adecuada ao cultivo e ás necesidades do cliente. Para iso, apoiámonos en análises físico-químicas do solo, na calidade dos xurros e nunha profunda entrevista ao gandeiro para investigar o manexo e as particularidades da zona.

Cales son as súas recomendacións básicas de fertilización?

A corrección da acidez é primordial nos solos galegos. Adoitamos recomendar, na maior parte dos casos, a nosa emenda de algas para corrixir o pH e mellorar a dispoñibilidade dos nutrientes. Despois, facemos a recomendación de fertilización. A fórmula e a dose necesarias son definidas polos nosos enxeñeiros de campo, que sempre buscan a máxima rendibilidade do cultivo.

O problema da seca agrávase cada ano. Ten algunha consecuencia nos plans de fertilización?

As necesidades hídricas dos cultivos dependen da variedade, do ciclo e da época de sementeira. A maior parte dos fertilizantes son solubles na auga, polo que son moi dependentes desta. O noso sistema de liberación e transporte depende máis dos ácidos orgánicos e menos da humidade para ter un funcionamento óptimo.

En que afectarán as novas restricións para a redución de uso de fertilizantes ás ganderías?

Imos cara a un mundo no que se esixirá máis respecto ao medio ambiente, menos emisións e menor contaminación. Timac Agro adiantouse a este escenario e, desde hai máis de dez anos, dispoñemos de gamas de produtos que reducen as emisións tanto ao solo como á atmosfera.



MANUEL BARREIRO
FMC

En que afectan as novas restricións para a redución de uso de fitosanitarios de cara ao 2030?

Comezamos a notar as restricións en 2021 coa terbutilazina. A máis recente foi a non renovación da aprobación da substancia activa s-metolacoloro, principal activo herbicida utilizado no cultivo. Esta decisión está a afectar e a dificultar o manexo do cultivo, xa que agora debemos adoptar a nosa solución herbicida en función do aplicado noutras campañas e non en base á casuística de malas herbas presente no noso millo.

É de agardar que aumente o uso doutros herbicidas do grupo das cloacetamidas que seguen autorizados, como a petoxamida.

Poden estes cambios afectar aos rendementos dos cultivos?

Si, se queremos seguir co que viñamos facendo e sen ter en conta que estes activos quizais requiren dun momento de aplicación diferente. As solucións fitosanitarias cada vez son máis específicas e requiren dun uso nun determinado momento.

Que alternativas valoran dende a empresa para afrontar estas reducións?

En FMC dispoñemos dun catálogo de solucións herbicidas para o millo que se adapta perfectamente aos tratamentos que se realizan en Galicia, en moitos casos de postemerxencia temperá. Temos produtos para as malas herbas e tamén para a xunca, moi localizada en Galicia.

Ademais, debémonos enfrontar aos cambios edafoclimáticos. Como afectan á correcta utilización dos fitosanitarios para que sexan efectivos?

No caso dos herbicidas, os cambios edafoclimáticos afectan de maneira decisiva para que exerzan a súa función correctamente. Non é o mesmo aplicar herbicidas de preemerxencia que herbicidas de postemerxencia. Os primeiros deben adecuar a súa dose segundo a textura da parcela e son menos dependentes da temperatura. Os de aplicación en postemerxencia (absorción foliar) son máis dependentes das condicións climáticas.

Estas novas condicións provocan en moitos casos a aparición de novas pragas. Que consellos daría para previlas e para controlalas?

A miña principal recomendación é pisar campo. Na maioría de cultivos, incluído o millo, non vale sementar, aplicar o herbicida e esquecerse.

A miña segunda recomendación é anticiparse aos problemas. Dispoñemos dun insecticida que é moi eficaz desde o momento da súa aplicación en postemerxencia.

Grazas a esa protección inmediata e á súa alta persistencia de acción fronte a *rosquilla*, o millo pode desenvolverse sen ter perda de planta nin atraso no vigor vexetativo. ▶▶



Seguro de salud para el ganadero

Precio especial: **45,60€/Mes**

Sin carencia 

Sin franquicias 

Sin copagos 

Asistencia total 

Cobertura dental 

¡Contáctanos!

981 935 004

comercial@ucoga.es

www.ucoga.es



LORENA PÉREZ

Bayar

En que afectan as novas restricións para a redución de uso de fitosanitarios de cara ao 2030?

A UE fixou un dobre obxectivo: reducir o uso xeral e o risco dos pesticidas químicos nun 50 % e o mesmo para os pesticidas máis perigosos.

Esixírase que o Indicador de Uso Individualizado calculado para cada explotación estea por baixo do Valor de Referencia Nacional e, ao mesmo tempo, reduciranse o número de materias activas dispoñibles co fin de cumprir o obxectivo. Tamén haberá que cubrir o caderno dixital para a trazabilidade dos produtos.

Poden estes cambios afectar aos rendementos dos cultivos?

Dispoñemos de menos materias activas, o que implica unha maior dificultade á hora de controlar pragas, enfermidades e malas herbas, e pode provocar unha redución do rendimento, unha diminución do valor nutritivo dos cultivos e unha menor seguridade alimentaria.

Que alternativas valoran desde a empresa para afrontar estas reducións?

Séguese traballando na obtención de novas materias activas máis respectuosas co medio ambiente, todo iso complementado co uso da tecnoloxía dixital e, sobre todo, coa dispoñibilidade de técnicos cualificados co obxectivo de dar soporte ao distribuidor e agricultor.

Ademais, debémonos enfrontar aos cambios edafoclimáticos. Como afectan á correcta utilización dos fitosanitarios para que sexan efectivos?

As condicións ambientais son moi importantes para conseguir a maior

eficacia eludindo riscos. Á hora de aplicar, debemos evitar as temperaturas elevadas, para non ter vapores tóxicos; a fitotoxicidade do cultivo, e o vento, para reducir a deriva.

Estas novas condicións provocan en moitos casos a aparición de novas pragas. Que consellos daría para previlas e para controlalas?

A saúde das plantas e o cambio climático están irreversiblemente relacionados. O cambio climático está a influír no movemento e nos ciclos de vida das pragas de maneira impredecible. Un exemplo disto é a eiruga defoliadora, que provocou graves perdas. É importante ter o cultivo limpo de malas herbas e, en caso de ataque, aplicar un insecticida autorizado.



MARCOS EXPÓSITO

Sipcam

En que afectan as novas restricións para a redución de uso de fitosanitarios de cara ao 2030?

A Directiva Europea 2009 busca reducir o consumo de produtos fitosanitarios ata o 50 % no ano 2030. Iso significa menos alternativas e menor capacidade para o control de determinadas enfermidades e pragas. A xestión técnica e o asesoramento serán pezas importantes para o futuro, pero tamén será unha oportunidade para as empresas que apostan pola bioprotección, a biofertilización e a bioestimulación como método efectivo e sostible para producir.

Poden estes cambios afectar aos rendementos dos cultivos?

É un reto evitar que o rendimento se vexa afectado. Hai cultivos que contan con moi poucos produtos autorizados e outros nos que a redución de uso de fitosanitarios non é sinxela de realizar.

Que alternativas valoran desde a empresa para afrontar estas reducións?

É importante que os equipos técnicos de asesoramento aos agricultores teñan a máxima preparación e o máximo coñecemento do medio. Hai un factor que pode axudar: reducir sensiblemente os tempos de autorizacións de rexistros de produtos de nova xeración con perfís ecotoxicolóxicos dentro da nova estratexia da UE.

Ademais, debémonos enfrontar aos cambios edafoclimáticos. Como afectan á correcta utilización dos fitosanitarios para que sexan efectivos?

A inestabilidade e a variabilidade do clima xa é unha constante e hai que establecer estratexias que nos permitan contrarrestar estes efectos adversos.

O factor limitante máis importante na agricultura é a auga e, por iso, debemos xestionala de forma eficiente. Esta variabilidade provoca cambios nos períodos de aparición de pragas, enfermidades, cambios nos momentos de brotación dos cultivos...

Non podemos dar nada por suposto. Xa non hai tratamentos a calendario. Debemos ser precisos no momento de aplicación e na materia activa que se vai empregar. Hai que ter coñecemento do cultivo e do medio, dos ciclos de pragas e enfermidades, dos factores de predisposición para a súa aparición e das malas herbas nos estadios iniciais.

Estas novas condicións provocan en moitos casos a aparición de novas pragas. Que consellos daría para previlas e para controlalas?

O primeiro é recoñecer a praga para poder actuar de forma correcta.

O segundo é a comunicación coas autoridades competentes, por se son necesarias actuacións das administracións, debido á perigosidade para os cultivos, a efectos de limitar a súa propagación.

Por último, é clave a colaboración entre as administracións, as empresas de protección e o propio sector, para atopar de forma áxil, rápida e efectiva as ferramentas necesarias e, logo, implementalas con flexibilidade, levando a cabo unha xestión integrada da nova praga. ■